

## TEMPO DE PASCUA 2023

O Concello de Outes, a través do Centro de Información ás Mulleres quere convidar a tódolos nenos e nenas, de **idades comprendidas entre os 3 (escolarizados) e os 12 anos** a participar no Campamento “**TEMPO DE PASCUA**”, do programa Outes Concilia, que se desenvolverá os días, **3, 4, 5 e 10 DE ABRIL, en horario de 8:00 a 16:00 h., no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.**

As familias poderán facer uso do servizo en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexibles.

Para o bo desenvolvemento das actividades programadas, recoméndase a aquelas familias que non vaian a facer uso do horario completo do campamento, incorporarse a o mesmo sobre ás 10:00 h e saída a partir da 13:30 horas.

As nenas e nenos terán opción de almorzar e xantar no servizo, sendo as familias as encargadas de aportar os alimentos en termos e neveiras.

Lémbrese as/os participantes que leven unha pequena merenda ademais dunha botella de auga.

Prazas limitadas.

**O prezo público** establecido na ordenanza reguladora corresponde e ascende a **15 €**o total do campamento.

### **Exención e bonificación.**

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

#### 1.- Exención:

A emisión dun informe social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo do mesmo implicará a exención da cota.

#### 2.- Bonificación:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.

**Documentación a achegar sempre que non esté en poder da administración actuante:**

Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente.

Copias da declaración da renda do ano 2021 de ambos proxenitores.

Fotocopia tarxeta sanitaria da/o menor.

O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

.

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. O prazo de inscrición do **20 ao 24 de marzo**.

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono 981850949.